

NORMAS BÁSICAS DO PAVILLÓN MUNICIPAL DE DEPORTES

(Pleno 30-12-1990)

1. SOLICITUDE PREVIA: Os clubs, asociacións, equipos, individualidades etc., para poder utilizar o Pavillón Municipal de Deportes, deberán solicitarlle ó Servizo Municipal de Deportes coa antelación mínima seguinte:

- Grupos organizados.....5 días
- Individualidades ou grupos esporádicos.....48 horas

2. HORARIO HABITUAL:

- De luns a venres.....de 17 a 23 horas
- Sábados, domingos e festivos.....de 11 a 14 e de 17 a 23 horas

3. ORDE DE PREFERENCIAS DE USO E AS SÚAS POSIBLES TAXAS/ COTAS:

	Cotas-Taxas Hora/fracción	

	Ata 14 Anos	
	-----	-----
Do Concello:		
Servizo Municipal de Deportes.....	-----	-----
Clubs, asociacións, equipos, etc. de Cto. federado.....	-----	6,01 €
Clubs, asociacións, equipos, etc. de Cto non federado.....	-----	6,01 €
Outras asociacións.....	-----	6,01 €
Individualidades.....	-----	6,01 €
De fóra do Concello:		
Clubs, asociacións, equipos , etc . de Cto. federado.....	3,61€	9,02€
Clubs, asociacións, equipos, etc. de Cto. non federado.....	3,61€	9,02€
Outras asociacións.....	3,61€	9,02€
Individualidades.....	3,61€	9,02€

Os cursos, torneos, maratóns, etc. que reporten beneficios económicos, seguirán a mesma orde de preferencia anterior e terán unha cota do 15% e 25% sobre os ingresos, segundo sexan do Concello ou de fóra del.

4. O solicitante ou responsable de cada sesión concedida, asumirá a responsabilidade da entrada en zona de vestiarios de persoas alleas ós equipos, adestradores e delegados, polo que terá que telos identificados en todo momento.

5. O acceso á pista de xogo será estrictamente en indumentaria deportiva e o calzado nunca poderá ser o mesmo que trouxo da rúa ó vestiario.

6. Dentro do Pavillón non se permitirán bebidas alcohólicas e, as non alcohólicas serán envasadas en material plástico ou similar. Tamén estará prohibido fumar dentro da instalación deportiva.

7. Toda persoa, espectador ou participante, que non faga bo uso das instalacións ou non acate as normas establecidas, ademais das correspondentes responsabilidades, prohibiráselle a entrada ó Pavillón.

8. Facúltase á Concellería de Deportes, para que naqueles supostos en que dous o máis equipos, asociacións ou clubs, soliciten a utilización do Pavillón Polideportivo para un mesmo día e hora, poida, previo razoamento, conceder o uso a aquel que considere máis prioritario.

DON ANTONIO GÓMEZ FERNÁNDEZ, SECRETARIO DO CONCELLO DE RÁBADE,

CERTIFICO: Que o Concello Pleno en sesión ordinaria celebrada o día 30 de decembro de mil novecentos noventa e sete adoptou entre outros, o acordo de teor literal seguinte:

8º.- FIXACIÓN DAS COTAS POR UTILIZACIÓN DO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO CUBERTO.-/

(Reintégrase á sesión o Sr. Concelleiro, Don Francisco J. Fernández Montes).

Dada conta da necesidade de cobrar tanto pola utilización do Pavillón Polideportivo Cuberto, como polos espazos reservados para a publicidade, habida conta dos cuantiosos gastos que xera o seu mantemento, a Corporación Municipal, previa deliberación, por unanimidade e en votación ordinaria adoptou os acordos seguintes:

Primeiro.- Establecer as seguintes cotas pola utilización do Pavillón Polideportivo Cuberto:

a) Usuarios do Concello:	Cota-Euros hora ou fracción	
	<u>Ata 14 anos</u>	<u>De máis de 14</u>
Clubs, asociacións, equipos, etc.....	exentos	6 €
b) Usuarios de fóra do Concello:		
Clubs, asociacións, equipos, etc.....	3,61 €	9,02 €

As actividades que xeren beneficios económicos a quen utilice o Pavillón, virán obrigados a satisfacer a este Concello unha cota adicional do 15% e 25% sobre os ingresos totais, segundo se trate de clubs, asociacións, equipos, etc. deste Concello ou de fóra del.

Segundo.- Establecer así mesmo cotas pola fixación de publicidade, na contía que consta no Anexo número I.

Terceiro.- Prestar tamén aprobación ás demais normas de utilización do Pavillón Polideportivo, que constan no expediente.

E para que conste, surta os seus efectos no expediente da súa razón e cumprimento do disposto nos artigos 292 e 317 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, en relación co número 5 do 145 do de Funcionarios, expido a presente certificación de orde e co visto bo do Sr. Alcalde, que asino en Rábade, a oito de xaneiro de mil novecentos noventa e sete.

VºBº

O ALCALDE

ANEXO Nº I

A CORPORACIÓN MUNICIPAL EN SESIÓN CELEBRADA O DÍA 30 DE DECEMBRO DE 1996, ACORDOU ESTABLECER, POR FIXACIÓN DE PUBLICIDADE NOS DISTINTOS ESPAZOS DO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO CUBERTO, AS SEGUINTES CANTIDADES:

ESPAZO NÚMERO	PREZO M.L. €	PREZO DO ESPAZO	IMPORTE TOTAL EUROS
9 e 10	150,25 €	450,76 €	901,52 €
2 ó 8 e 11 ó 17	120,20 €	240,40 €	3365,67 €
1 e 18	105,18 €	210,35 €	420,70 €
20 ó 31 e 58 ó 69	90,15 €	180,30 €	4327,29 €
19 e 70	75,13 €	150,25 €	300,50 €
32 e 33 e 56 e 57	60,10 €	120,20 €	480,81 €
34 ó 55	45,07 €	90,15 €	1983,33 €

Rábade, a 3 de xaneiro de 1997

O ALCALDE

O SECRETARIO